

QUE OPINAS?



O alumnado da optativa de 2º de Bacharelato «Métodos Estadísticos e Numéricos» (**MEeN**) do curso anterior ao presente realizou unha enquisa entre o alumnado do centro.

Cando se fai un estudo estatístico, débense fixar os criterios e condicións nas que se desenvolve; é dicir, hai que deixar claro cal é a "ficha" do estudo que imos realizar: poboación, individuos, tamaño da mostra, forma de elección da mostra, características a estudar.

Pois ben, a poboación está formada polos alumnos do IES de Melide que cursan ESO, BAC e MADEIRA no curso 2004-2005 e a cada un destes alumnos da poboación chamámoslle individuo. As características a estudar serían as opinións destes alumnos en relación con temas variados e de actualidade no momento da realización da enquisa.

Como resultaba imposible observar todos os individuos da poboación e ademais estabamos a intentar poñer en práctica conceptos da materia, decidimos centrarnos só nun subconxunto da poboación, chamado mostra. O tamaño da mostra decidímolos por consenso. Así ben, tomamos como tamaño mostral 98 alumnos.

Levamos a cabo unha "mostraxe estratificada" na que os estratos eran os seis cursos de LOXSE que se imparten no centro (catro cursos de ESO e dous cursos de Bacharelato) e o grupo de alumnos que cursan o ciclo de MADEIRA e o número de individuos da mostra pertencentes a cada estrato elixiuse de maneira proporcional ao número de individuos de cada estrato (canto máis grande era un estrato, máis individuos dese estrato se elixían para a mostra). Por suposto, os alumnos foron escollidos de xeito aleatorio (ao chou).

Unha vez confeccionada a enquisa, chegou o momento de ir polas aulas recollendo os datos ("TRABALLO DE CAMPO"). Para isto contamos, en todo momento, coa colaboración do profesorado e do alumnado, que agradecemos desde aquí.

Neste artigo imos diferenciar dúas partes. Por un lado expoñeremos de maneira obxectiva os datos recollidos en algunhas das preguntas plantexadas na enquisa e logo recolleemos as opinións dalgúns alumnos sobre certos temas que levantaron unha gran polémica nos alumnos dos cursos de 2º de Bacharelato.

A enquisa divide os alumnos escollidos para a enquisa de diferentes maneiras:

- **Por sexos.-** O 43,9% dos enquisados foron homes, fronte ao 56,1% que foron mulleres.
- **Por idade.-** O 6,1% dos alumnos aos que se lle entregou a enquisa tiñan 12 anos, o 16,3% tiñan 13 anos, o 12,2% eran de 14 anos, o 18,4% de 15 anos, o 14,3% de 16 anos, o 18,4% de 17 anos, o 10,2% de 18 anos e o 4,1% con 19 anos ou máis.
- **Por zona.-** O 44,9% vive nunha zona rural e o 51% nunha zona urbana, mentres que o 4,1% non sabe ou non contesta.

LINGUA FALADA

O 78,6% fala maioritariamente galego, sendo o castelán a lingua menos utilizada xa que soamente a falan un 8,2% dos enquisados. Ademais, un 10,2% fala castelán e galego por igual.

LINGUA NA QUE SE ADOITA LER

Un 43,1% adoita ler en galego, fronte ao 21,4% que o adoita facer en castelán e ao 29,6% que o fai nas dúas linguas por igual.

QUE OPINAS?

FUMAR

Podemos observar na táboa, que os alumnos de 1º de ESO din que non fuman con regularidade, aínda que o fan un 28,3% ás veces. En 2º de ESO son as rapazas as que aseguran non fumar sempre. A partires dos rapaces de 3º de ESO, a porcentaxe de fumadores vai en aumento, sobre todo entre o xénero masculino:


		¿Fumas ou fuma	
	ome		
	ulle		
	ome		
	ulle		
	ome		
	ulle		
	ome		
	ulle		
	ome		
	ulle		
ome			

TELÉFONO MÓBIL

Un 94,9% dos enquisados dispón de móbil e destes un 23,5% dispón del desde antes dos 12 anos, un 51% entre os 12 e os 14 anos e un 20,4% entre os 15 e os 16 anos. Só un 5,1% do alumnado enquisado di non ter móbil.

EXISTENCIA DE POLÍTICA NO CENTRO

Esta foi unha das cuestións mais polémicas de toda a enquisa, e nela reflíctese que o 61,2% do alumnado opina que se fai política no centro, fronte ao 27,6% que pensa que non e ao 11,2% que non se molla no asunto e non sabe ou non contesta.



IDEOLOXÍA DO PROFESORADO

Esta pregunta facía referencia ao uso da posición dos docentes para exercer influencia política no alumnado. Un 48% opinou que os docentes aproveitan a súa posición para ensinar a súa ideoloxía política ao alumnado, fronte ao 44,9% que opina que non e a un 7,1% que non sabe ou non quere contestar.



RACISMO

Soamente en 2º de Bacharelato hai un 50% de enquisados que recoñece ser racista. En tódolos demais cursos non existe ninguén racista. ¡Que sorte!

QUE OPINAS?

BEBER ALCOHOL

Entre os homes, o 23,3% recoñecen que beben sempre que saen de movida, o 39,5% din beber ás veces e o 37,2% din non beber nunca. Entre as mulleres isto cambia, xa que soamente o 7,3% bebe sempre e o 47,3% non bebe nunca, fronte a un 45,5% que bebe ás veces.

Na enquisa realizada preguntouse sobre outros temas variados, pero para non caer pesados imos proceder xa a expoñer certas opinións ofrecidas polo alumnado de Bacharelato.



OPINIÓN 1:

Na miña opinión, nesta enquisa parte do alumnado mente na pregunta sobre fumar, o cal non ten moito sentido, pois as enquisas son anónimas. Os homes, cantos mais anos teñen, van recoñecendo que fuman, pero as mulleres aínda se resisten a recoñecelo.

Nos cursos de 1º Ciclo de ESO, moi poucos recoñecen que fuman, pero cando se ven en lugares onde eles cren que non corren perigo de seren descubertos, compróbase que a realidade non corresponde coas estatísticas obtidas.

Hoxe en día, son as rapazas as que máis fuman, pero tamén son as que mais reparo teñen en dicir a verdade, pois abusan do NS/NC. Eu non entendo isto xa que cando saio ao recreo vexo como moitas das que non o recoñecen fuman igual ou máis que as que si o recoñecen. Do 15,3% dos alumnos que responderon que fuman ás veces, estou case segura que o fan sempre.

Na miña opinión, as estatísticas non se achegan á realidade por non responder os enquisados con sinceridade.

OPINIÓN 2:

Aínda hai preguntas moi rechamantes, coido que un dos aspectos que non debe quedar exento neste número de Intres é o da lingua.

Segundo o estudo feito, a gran maioría dos alumnos do centro teñen o galego como primeiro idioma. Isto, dende logo, é unha moi boa nova para a nosa cultura, pois en nós, a xuventude, apóiase a continuidade do galego. Que se desterren das nosa cabezas as vellas ideas de que esta é lingua dos pobres, dos parvos e dos incultos. O galego é unha lingua coma calquera outra, e aínda diría máis, non foi unha lingua imposta, senón que foi o pobo galego o que escolleu a continuidade do seu falar.

Por outra banda, en canto a aqueles que aseguran utilizar galego e castelán por igual, non creo que sexa así; posiblemente o galego o usen reservado aos típicos compañeiros de clase que son da aldea, uns que só viron vacas. Pola contra, en canto chegan a «La Coru» o castelán colapsa as súas neuronas, porque iso fai que se sintan parte da alta esfera da sociedade. Afortunadamente hai excepcións e hai persoas que eran castelán falantes que se concienciaron do valor do galego e, ou ben usan as dúas linguas equitativamente, ou incluso o galego na maioría das ocasións.

En canto á lingua de lectura, ao parecer tamén a maioría len en galego. Non creo que este resultado sexa de todo certo, pois, por exemplo no meu caso, a gran parte dos libros que leo son en castelán. Podedes pensar que é a miña situación particular, que non ten que coincidir coa dos demais, pero coido que na nosa lingua non temos unha ampla variedade de grandes obras, exceptuando a certos autores que si honran o idioma. Polo demais a literatura galega redúcese a unhas cantas obras pouco extensas que contan historias de personaxes

QUE OPINAS?

particulares.

Todo isto, infórmovos, non é mais que a miña insignificante opinión e, por suposto, sodes moi libres de non estar de acordo con ela ou incluso crítica-la. Pero recordade que a *tolerancia* é o ben máis prezado.

OPINIÓN 3:

Na enquisa fálase da existencia de política no centro, e un 61,2% dos enquisados opinan que si hai política, fronte a un 27,6% que opina que non a hai.

Dende o meu punto de vista, os datos non son de todo válidos, polo «medo» da parte do alumnado que responde NS/NC, a que se coñecera a súa opinión e que algún profesor tomara algún tipo de represalia na súa contra.

É evidente que existe política no instituto, e isto pódese apreciar na exposición polos corredores e demais estancias do centro, de carteis que critican ata deixar en vergoña aos políticos dalgúns partidos, cos que os profesores nos que estou a pensar non comparten ideoloxía.

Apréciase o uso da posición que ocupan estes profesores para impoñer as súas ideas políticas ao alumnado, de maneira que chegan a facela presente nas clases e nos apuntes da súa materia que facilitan ao alumnado. A maioría deles, fala de política explicando ate o máis mínimo detalle da súa materia, facendo referencia a diversos símbolos que consideran fan referencia a España no seu conxunto, e non só a Galicia, como a eles lles gustaría que fixera.

Non logro entender porqué ese afán tan agobiante de que todo o alumnado pertenza a un partido político independentista. Galicia pertence a España, e rezo tódalas noites para que o faga durante moito tempo.

OPINIÓN 4:

Os alumnos deberían contestar o que pensan realmente, sen medos nin temores, xa que as enquisas son anónimas. Deste xeito, os resultados poderían ser estendidos ao resto do centro. Pero coido que os enquisados toman as preguntas a broma e responden o que lles cadra. Pois ben amigos, así a enquisa non serve para nada. Son sorprendentes respostas como que se fuma e se bebe pouco ou que case ninguén é racista, así como outras parecen bastante cribles. A ver se perdémolo medo e tomamos en serio o traballo dos compañeiros que fan as enquisas.

OPINIÓN 5:

En conxunto, os alumnos da optativa MEeN, queremos agradecer, como sempre, a colaboración que obtemos dos profesores e do alumnado do centro á hora de realizar a enquisa. Sería importante que todos os rapaces e rapazas tiveran claro que non é necesario mentir xa que o seu anonimato está asegurado, e que este traballo que realizan os alumnos desta optativa supón unha interesante posta en práctica de contidos teóricos da nosa materia. Tentaremos, na medida do posible, repetir esta experiencia no presente curso realizándoa, ademais de entre o alumnado, entre o persoal que traballa no instituto. Reiteramos, grazas pola axuda que sempre atopamos en todos.

